

NA BOCA DO MEDO

John Carpenter, 1994

1626

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2025 | V.O.S.E. | 95 min

O éxito de Sutter Cane, un famoso escritor de novelas de terror, non ten parangón. Pero, inesperadamente, pouco antes de entregar ao seu editor a súa última novela, desaparece sen deixar rastro. Ao mesmo tempo, algúns dos seus fans viran inexplicablemente violentos.

O Especial Noite de Samaín complétase ás 21:25h con Vermello escuro, de Dario Argento. Podes asistir a ambas sesións por só 10€ reservando na billeteira da sala as túas entradas, 7€ no caso das abonadas.



Deus non escribe noveliñas de terror

Por Adrián Massanet

Co fracaso (lórico) da moi frouxa *Memorias dun home invisible* (1992), que ata a data é a última produción dun gran estudio e cun grande orzamento filmada por este cineasta, John Carpenter chegou a filmar cinco traballos en seis anos. Ningún deles foi un grande éxito, pero en todos eles detéctase unha gran dose do máis puro espírito “carpenterían”. O segundo deles significou o regreso ás esencias do Carpenter máis gótico e tenebroso. Carpenter respondía os imperativos do mercado e á súa propia e problemática situación facendo o que mellor sabe: cinema elaborado, libre e intelixente.

Na boca do medo é unha película que para algúns significa un logro menor dentro da filmografía de Carpenter, pero que para outros supuxo unha proba máis do seu gran talento narrativo, do seu estimulante sentido do humor e da súa grande intelixencia, astucia e sutileza. Un cinema máis baseado no terror, que no horror ou no susto fácil (é dicir, na atmosfera, na trama e nos personaxes), que nunca oculta a súa condición de cinema de xénero, pero que lle serve como escusa a Carpenter para falar de moitas das súas obsesións e inquedanzas, as mesmas que xa levaba preto de vinte anos deslizando furtivamente por baixo das trepidantes historias que nos contaba.

O guión de Michael De Luca, un home que como guionista non destacou especialmente, pero que gañou un nome como produtor executivo, contén moitos elementos afíns a Carpenter, e amplían e enriquecen aquela irregular proposta d’*O príncipe das tebras* (1987), segunda da autonomeada “Triloxía da Apocalipse” de Carpenter, cuxa primeira parte sería a formidable *A cousa* (1982), e a terceira esta *Na boca do medo* (1994). Todas as debilidades daquela segunda parte están aquí emendadas, e a idea do Mal Absoluto buscando unha entrada neste mundo está moito máis elaborada, grazas a unha premisa realmente enxeñosa, e que Carpenter sabe espremer ao máximo: un investigador que busca a un escritor de best-sellers (unha mestura entre Stephen King e H. P. Lovecraft) desaparecido sen deixar rastro xunto cos últimos capítulos da súa novela, e que se introducirá, sen sabelo, no mundo ficticio creado por ese escritor.

Estamos ante unha película sobre o cinema e sobre a creación artística, sobre a responsabilidade da arte no devir do ser humano e sobre a fe. Todo iso grazas á enerxía dunha posta en escena moi precisa, sinxela pero tremendamente refinada, que se enfronta co seu espírito artesanal e baseado en sensacións anímicas. Carpenter confía máis que nunca na imaxinación do espectador. Nada sobra e nada falta, a cámara sempre está onde debe e o plano dura o xusto (refinamento obtido grazas a experiencias austeras e inesquecibles como *Asalto á comisaría do distrito 13* -1976-) e *Están vivos* -1988-), un cinema barato en presuposto pero riquísimo en imaxinación e forza de vontade.

É magnífica a destreza de Carpenter, axudado en labores de dirección artística por Jeff Ginn e Peter Grundy, á hora de crear unha vila tan de Stephen King e unha atmosfera tan nítidamente *lovecraftiana*, nos que o detective Trent se interna sen posibilidade de regreso, cumprindo os designios dun escritor/demiurgo que vai escribindo o seu destino e o do mundo enteiro.